

A COMPOSTAXE NA XESTIÓN DOS RESIDUOS ORGÁNICOS MUNICIPAIS

DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ, MARTA

Doutora en Farmacia

Técnica en xestión de residuos

En Galiza perto do 50% do lixo que producimos nas nosas casas son residuos orgánicos (restos de comida e xardín). Se estes restos son transportados longas distancias para que rematen nun vertedoiro ou nunha incineradora, prodúcense graves problemas ambientais. Porén, se son recollidos separadamente e se transforman a través dun tratamento biolóxico, pode obterse un **abono orgánico chamado compost**, devolvéndolle á terra materias que antes se extraeron dela, pechando así o ciclo da materia orgánica. O compost de calidade mellora as propiedades do solo e achega nutrientes ás plantas favorecendo o crecemento dos cultivos.

A Lei 22/2011, de residuos, establece que antes do 2020 a cantidade de residuos destinados á reutilización e o reciclado deberá acadar o 50% en peso. A xestión dos residuos orgánicos a través da compostaxe está a resultar a peza clave para acadar este obxectivo. Na práctica os modelos de xestión de residuos que apostan pola compostaxe da materia orgánica están a ver incrementadas as taxas de recuperación do resto das fraccións recollidas separadamente para a súa reciclaxe (papel, vidro, envases plásticos e metálicos...).

A reciclaxe da fracción orgánica pode realizarse tanto a pequena escala a través da **compostaxe caseira** ou **comunitaria**, evitando así o seu transporte, como en **instalacións de compostaxe**, onde será preciso implantar un modelo de recollida selectiva para esta fracción. En Galiza existen varias experiencias neste senso: concellos que implantaron programas de compostaxe caseira, o Proxecto Revitaliza da Deputación de Pontevedra ou o Proxecto Re de Allariz, coa implantación de composteiros comunitarios e a figura dos **Mestres Composteiros**, o modelo de recollida Porta a Porta do Concello de San Sadurniño, etc. A Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza, integrada por 9 concellos e 86.000 habitantes, puxo en marcha no 2003 un sistema integrado de xestión, baseado na recuperación dos diferentes materiais para a súa reciclaxe, e na compostaxe da materia orgánica na planta situada no concello de Lousame.